


# Traballando con tarefas e UDIS

Óscar Abilleira Muñiz

# O meu centro

- Centro de entorno rural
- 102 alumnos
- 2 unidades de educación infantil e 6 de primaria
- Claustro de 13 mestres, dos cales 2 somos de infantil



C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño
Campo Lameiro - Pontevedra



# Educación infantil

- Cada unha das dúas  unidade ten 13 alumnos e alumnas
- Unidades mixtas de 3, 4 e 5 anos
- Coordinación coa outra aula de infantil, moitas das tarefas lévanse a cabo de forma conxunta.
- Programación e UDIS elaboradas de forma conxunta e coordinada

# Nas nosas aulas de infantil…

- Respetamos o ritmo madurativo do alumado
- Aprendemos descubrindo e investigando
- O alumnado coñece a finalidade concreta do que está a facer: "todo o que facemos na aula é entendido polo alumno como funcional xa que ten un producto final socialmente relevante"
- Conflicto cognitivo e aprendizaxe significativa como eixo
- Traballamos en equipos cooperativos
- O alumnado é activo e autónomo
- O diálogo e o debate teñen un papel fundamental
- Implicación das familias



# Traballamos o currículum

- Contamos cunha propia concreción curricular integrada elaborada a partir do curículum oficial
- Traballamos sempre en torno a tarefas con producto final socialmente relevante
- Elaboramos Unidades Didácticas Integradas para cada tarefa (de forma conxunta as dúas aulas)
- Traballamos sempre elementos do currículum
- Temos en conta as recomendacións metodolóxicas feitas no currículum.
- Temos en conta a aportación ás Competencias Clave.

# Tarefas e UDIS



- Facemos unha película como as de Chaplin (explicando a UDI plantexada)
- Ciencia ou ficción?: experimentando coa ciencia na aula
- As TIC nas nosas aulas

Exemplos e documentación en www.oscarabilleira.com

Competencias Clave
áreas globalizadas

Unidade
Didáctica
Integrada

Planificación da tarefa
integrando os elementos
do currículum

Tarefa

Funcionalidade:
producto final socialmente relevante







# Investigamos para rodar

## unha película como as de Charles Chaplin

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Planificando a tarefa…

- Foi planificada durante o verán por parte dos titores das dúas aulas.
- Levaríamos a cabo un proxecto de traballo (investigación) - un tipo de tarefa - sobre Charles Chaplin e o cinema.
- O producto final sería "rodar unha película como as de Chaplin", para o cal sería preciso investigar sobre a personaxe e o proceso de rodaxe.
- Introduciríamos o tema partindo de curtametraxes sobre Charles Chaplin "xogando a pensar" (filosofía para nenos/as) que aparecerían na web

# Por que un proxecto de traballo?

- O alumnado é activo durante todo o proceso
- Ó ter unha finalidade clara e real (son funcionais) traballamos o "desempeño" das competencias clave.
- Permite introducir no proxecto (e outras tarefas) os exercicios e actividades que se fan nas aulas, pero nun contexto funcional, real e motivante.
- Fai necesario un traballo en equipos cooperativos e con diferentes fontes de información, de forma funcional.
- Traballamos aspectos do método científico: formular hipóteses, plantexar teses, contrastalas, rexistrar e transmitir o descuberto…
- Son aprendizaxes significativas: partindo dos coñecementos previos e a través do conflicto cognitivo dase lugar á reorganización de ditos esquemas.



# Fases do proxecto de traballo:

- Eleximos/xorde tema e producto final
- Que sabemos?
- Que queremos saber?
- Onde e como imos buscar?
- Como nos imos organizar?
- Investigamos
- Elaborando o producto final
- Como llo contamos ó mundo?
- Descubrimos o que aprendimos



Descarga información sobre os proxectos de traballo

UNIDADE DIDÁCTICA INTEGRADA - EDUCACIÓN PRIMARIA
C.E.I.P. PEDRO ANTONIO CERVIÑO

Rodamos unha película como as de Chaplin

## 1.1- IDENTIFICACIÓN

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Título da U.D.I.:** | RODAMOS UNHA PELÍCULA COMO AS DE CHAPLIN | | | | |
| **Áreas traballadas:** | Linguaxes: comunicación e representación, Coñecemento de sí mesmo e iniciativa persoal e Coñecemento do contorno. | **Nivel:** | Educación Infantil | **Curso:** | 3, 4, 5 anos |
| **Mestres implicados:** | Mestres / titores de ambas aulas de Educación Infantil. | | | | |

### 1.2- DESCRICIÓN E XUSFICACIÓN

Plantexamos a grabación dunha curtametraxe de cine mudo e en branco e negro, emulando ás de Charles Chaplin, fundamentada en valores de respecto ós demáis e afondando nas inxusticias sociais e as inxusticias e desigualdades na sociedade. Esta curtometraxe será proxectada para as familias nunha sesión especial. Incluímos tamén os traballos para celebrar o día da Paz, que terá lugar durante o desenvolvemento desta UDI.

## 1.3.- RELACIÓN CON OUTRAS U.D.I.

Esta U.D.I., segundo tema do proxecto, poderá está vinculada coa U.D.I. na que se insira o traballo coa celebración do día da paz o 30 de xaneiro.

## 2.- CONCRECIÓN CURRICULAR

Os diferentes elementos do currículum (contidos, estándares e criterios) son indicados coa **nomenclatura e numeración indicada na programación de ciclo e aula**, baseada no decreto 330/2009, do 4 de xuño polo que se establece o currículum de educación infantil, na comunidade autónoma de Galicia. Os **obxectivos** poden atoparse nas concrecións curriculares das citadas programacións, relacionados cos diferentes criterios.

## 2.1.- TAREFA

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Explicación do produto final:** (socialmente relevante) | Investigaremos a vida e obra de Charles Chaplin para coñecer o proceso de creación dunha película e así poder rodar a nosa propia curtametraxe, pasando por tódalas fases de creación da mesma. | | | | | | |
| **Competencias clave traballadas:** | ☑C.C. | ☑C.M.C.T | ☑ C.D. | ☑C.A.A. | ☑ C.S.C. | ☑C.S.I.E.E. | ☑C.C.E.C |
| | Comunicación lingüística | Matemática, ciencia e tecnoloxía | Dixital | Aprender a aprender | Sociais e cívicas | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor | Conciencia e expresións culturais |

# Elaboramos a UDI

Podes descargar a UDI aquí

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil




# Estructura da tarefa

Podes descargar a UDI aquí

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Actividade 1: Investigamos sobre Chaplin e o cinema

**ACTIVIDADE 1:** Investigación sobre Chaplin, a súa obra, o cine mudo e en branco en negro...

**EXERCICIO 1:** Diálogos para descubrir os coñecementos previos. Diálogos reflexivos do que sucede nas curtametraxes.

**EXERCICIO 2:** Descubrir os coñecementos previos a través da visualización de curtametraxes e biografías en vídeo

**EXERCICIO 3:** Repartir as preguntas por equipos e buscar as respostas nas fontes de información. Plasmalo no mural

**EXERCICIO 4:** Cada equipo explica ós restantes compañeiros, os seus descubrimentos e respostas ás preguntas

**EXERCICIO 5:** Elaborar o dossier da investigación.

**EXERCICIO 6:** Traballo coas diferentes fontes de información

## transposición didáctica

| Actividade 1 | Exercicio 1.1 | Exercicio 1.2 | Exercicio 1.3 | Exercicio 1.4 | Exercicio 1.5 | Exercicio 1.6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** |
| **Investigación sobre Charles Chaplin** | *Descubrimento dos coñecementos previos a través de diálogos sobre Charles Chaplin e o cine* | *Descubrimento dos coñecementos previos a través da observación de curtametraxes de Charles Chaplin* | *Repartir as preguntas por equipos e buscar as respostas nas fontes de información. Plasmalo no mural.* | *Cada equipo explica aos restantes compañeiros, os seus descubrimentos e respostas ás preguntas.* | Creación a través de equipos cooperativos do mural da investigación | Elaboración do dossier persoal |
| **Criterios de avaliación:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** | | |
| *LCR 1 / CSMAP 9 / CSMAP B3* | *LCR B1.1* | *CSMAP B1.10* | *CSMAP B3.1* | LCR-B.1.1<br>LCR-B.1.4 | *CSMAP-B.3.6, CSMAP-B.2.5* | *LCR-B.1.8, CC-B1.5* |
| **Indicadores:** | | | | | | |
| *4º LCR 1.1 / 5º -LCR 1.7 / 6º -LCR 1.8 / 5º- CSMAP B9..2 / 6º - CSMAP B3.2* | | | | | | |

| Modelos de pensamento | Modelos de ensinanza | Recursos didácticos | Agrupamentos | Escenarios |
|---|---|---|---|---|
| *Reflexivo, analítico, lóxico, deliberativo e crítico.* | Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.<br>Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.<br>*Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados.* | MATERIAIS: fotocopias, fotografías, libros, papel, cartulinas, material funxible.<br>PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio,.<br>*DIXITAIS: Cámara de fotos, cámara de video, ordenador, impresora.* | *Parellas<br>Equipos cooperativos.<br>Gran grupo- unha sóa aula, e as dúas aulas infantil.<br>Individual para o dossier* | *Aulas de infantil e outras dependencias do centro* |

# Dando os primeiros pasos

- Facemos xorder o tema a través do visionado de  diferentes fragmentos de películas de Chaplin que colgamos na web do centro.
- Establecemos diálogos e "xogamos a pensar" sobre as diferentes curtametraxes
- "Xorde" por parte do alumnado a idea de "facer unha película"  (producto final) para poder logo ensinarlla ás familias e compañeiros do centro.
- Acordamos que antes teremos que "descubrir cousas" sobre Chaplin e sobre o proceso de rodaxe dunha peliucla.





# Comezamos a investigación

- Creamos un mural para a investigacion no que plasmamos:
  - o producto final
  - as diferentes fases do proxecto
  - os resultados da investigación



# Que sabemos?
# Que queremos saber?

- A través de diálogos xorden as ideas previas que imos anotando no mural.

- A partir das ideas previas e do diálogo xorden as preguntas concretas do que queremos descubrir



# Onde buscamos?

Imos anotando no mural as distintas fontes de información que coñecen e que poderemos empregar, argumentando de que xeito






Escribimos unha carta ás familias pedindo información

# Organizando a información

Toda a información que imos traendo, conseguindo ou atopando, organizámola no recanto da investigación, onde está sempre dispoñible.







No recanto de infantil da web tamén existe un apartado para os vídeos e imaxes de información.

# Como nos organizamos?

- Para cada proxecto cambiamos os nosos equipos cooperativos, de xeito que poden cambiar dúas ou tres veces no curso.
- Para cada actividade ou exercicio dentro do proxecto distribúese o traballo entre os diferentes equipos.
- Cada equipo leva a cabo, cando remata cada proposta, unha autoavaliación figuro-analóxica do seu funcionamento como equipo.





# Buscamos respostas

- Cada equipo responsabilizouse de buscar a resposta a unha das preguntas.
- Acordan detro do equipo con que fontes de información traballaran.
- Plasman a resposta no mural do xeito que consideren máis claro par que todos o entendan.
- Empregamos moito os vídeos e imaxes ou textos lidos por competentes lectores
- Algunhas preguntas se investigan en gran grupo.





# Compartindo descubrimentos





Cada equipo, unha vez rematada a súa investigación, transmítenlle ós restantes compañeiros/as as respostas que atoparon á pregunta que decidiron investigar. Respostando ás preguntas que se lles faga.

# Como se fai unha película?







Unha das preguntas, traballadas en gran grupo, foi a determinación de "como se fai unha película", para o que partindo da información fomos escribindo unha listaxes das persoas e equipos necesarios, coñecendo cal sería a súa función.

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Usando as TIC para buscar imaxes do equipo de rodaxe

Para plasmalo no mural, buscamos de forma simultánea empregando as TIC, imaxes dos integrantes dun equipo de rodaxe.





Empregaron google imaxes e seleccionaron a máis significativa, que imprimimos e pegamos no mural da investigación xunto ó nome do cargo ou equipo.

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# O mural da investigación




Todo o que imos descubrindo vaise incluíndo no mural da investigación de xeito que se teña unha visión de conxunto de cada unha das fases. A medida que atopamos unha resposta imos marcándooa como tal no listado.

# O dosier da investigación

A nivel individual cada un vai elaborando, durante o proxecto, o seu dossier coas respostas ás preguntas plantexadas. Complétao a través de diferentes actividades e exercicios, propostos a nivel invidividual ou dentro dos equipos cooperativos





# Actividade 2: As películas de Chaplin

**ACTIVIDADE 2:** As películas de Chaplin

**EXERCICIO 1:** Xogos de dramatización sen falar para transmitir información: somos "mimos"

**EXERCICIO 2:** *Visualización, diálogo e análise das curtametraxes de Chaplin: inxusticia, desigualdade, pobreza, paso do tempo...*

**EXERCICIO 3:** Ordenar secuencias de imaxes con fotogramas das curtametraxes.

**EXERCICIO 4:** dramatización como Chaplin ("mimos")

**EXERCICIO 5:** Estadísticas das preferencias entre as curtas.

## transposición didáctica

| Actividade 2 | | Exercicio 2.1 | Exercicio 2.2 | Exercicio 2.3 | Exercicio 2.4 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición:** | | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** |
| **As películas de Chaplin** | | *Xogos de dramatización sen falar para transmitir información: somos "mimos"* | *Visualización, diálogo e análise das curtametraxes de Chaplin: inxusticia, desigualdade, pobreza, paso do tempo..* | *Dramatización como Chaplin ("mimos")* | *Crear estadísticas de preferencias sobre as curtametraxes* |
| **Criterios de avaliación:** | | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** |
| *CSMPA.2 / LRC.1 / CC 2* | | CSMAP–B.2.3 | *LRC-B.1.1*<br>LRC B-3.1 | *LRC-B.1.1* | CSMAP–B.2.3<br>CC-B.1.5 |
| **Indicadores:** | | | | | |
| 4º CSMAP.2.3 / 4º LRC 2.3 / 5º LRC 2.3 / 5º LRC.10 / 4º LRC 10.3 / 4º CC 2.1 | | | | | |

| Modelos de pensamento | Modelos de ensinanza | Agrupamentos | Recursos didácticos | Espazos |
|---|---|---|---|---|
| *Pensamento reflexivo, analítico, crítico, deliberativo, lóxico.* | *Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.*<br>*Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.*<br>*Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados.* | *Parellas*<br>*Equipos cooperativos establecidos en cada aula.*<br>*Gran grupo- unha sóa aula, e as dúas aulas infantil.* | *MATERIAIS: fotocopias, fotografías, libros, papel, cartulinas, material funxible.*<br>*PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio, monitores parque arqueolóxico.*<br>*DIXITAIS: Cámara de fotos, cámara de vídeo, ordenador, impresora.* | *Aula de infantil, biblioteca ou outros espazos do centro* |

# Xogamos a pensar coas películas de Chaplin







Despois de visionar varias das peliculas que xa coñeciamos, establecemos diálogos para  "xogar a pensar", seguidos sempre seguimos de xogos de dramatización das situacións.

# Rodando o baile dos panciños

- Fixemos unha primeira aproximación á rodaxe, empregando un móvil e dramatizando unha das curtametraxes.

- Grabaron por parellas unha imitación do baile dos "panciños"









Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# O fotomatón de Chaplin









Creamos un "fotomatón" no corredor onde uns ós outros se tomaron fotografías caracterizados como "Chaplin", e invitamos ós demais compañeiros do centro a que, no recreo se tomaran fotografías. Todas as fotos fómolas pegando nun mural.

# Actividade 3: Preprarando a nosa película

| ACTIVIDADE 3: preparando a nosa curtametraxe | EXERCICIO 1: Tomar a decisión e crear / recrear o guión que empregaremos para a nosa grabación. Partindo dunha curtametraxe de Chaplin ou creando un novo guión. Pedir axuda ós maiores para que creen a música. | EXERCICIO 2: Traballos co texto do noso guión: búsqueda de palabras concretas, letras do nome propio. Comparar os tipos de textos... | EXERCICIO 3: Creación do vestiario que empregaremos para a grabación, ben elaborándoos os "usando roupa usada" | EXERCICIO 4: Creación do planning de grabacion.da película |
|---|---|---|---|---|

## transposición didáctica

| Actividade 3 | Exercicio 3.1 | Exercicio 3.2 | Exercicio 3.3 | Exercicio 3.4 |
|---|---|---|---|---|
| **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** |
| **Preparando a nosa película** | *Tomar a decisión e crear / recrear o guión que empregaremos para a nosa grabación. Partindo dunha curtametraxe de Chaplin ou creando un novo guión. Pedir axuda ós maiores para que creen a música.* | *Traballos co texto do noso guión: búsqueda de palabras concretas, letras do nome propio. Comparar os tipos de textos...* | Creación do vestiario que empregaremos para a grabación, ben elaborándoos os "usando roupa usada" | *Creación do planning de rodaxe* |
| **Criterios de avaliación:** | **Contidos:** | **Contidos:** | Contidos: | **Contidos:** |
| *LCR 5 / LCR 1 /LCR 9 / LCR 8 CC6* | LCR-B.1.10<br>LCR-B.1.12 | CC-B.1.13<br>CC-B.1.14 | LCR-B.1.4 | LCR-B.2.2 |
| **Indicadores de logro:** | | | | |
| *LCR.5.3 / LCR.5 / CC.6.2* LCR.2.1 / LCR.9.1 / LCR.8.2 /LCR.8.7 | | | | |

| Modelos de pensamento | Modelos de ensinanza | Recursos didácticos | Agrupamentos | Escenarios |
|---|---|---|---|---|
| *Pensamento reflexivo, analítico, crítico, deliberativo, lóxico.* | Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social. Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos. *Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados.* | MATERIAIS: fotocopias, fotografías, libros, papel, cartulinas, material funxible. PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio, monitores parque arqueolóxico. *DIXITAIS: Cámara de fotos, cámara de video, ordenador, impresora.* | *Parellas Equipos cooperativos establecidos en cada aula. Gran grupo- unha sóa aula, e as dúas aulas infantil.* | *Aula de infantil, biblioteca ou outros espacios do centro* |

# Organizando o equipo de rodaxe






Organizamos o equipo de rodaxe, asignando as funcións de cada un dos equipos, que xa coñecían da investigación. Elaborando un panel cos diferentes equipos, nomes e fotografías. Os mestres asumos o rol de productores, e así o indicamos.

# Creando o plan de rodaxe







Elaboramos un plan de rodaxe, establecendo con diferentes cores os días en que traballaría cada equipo, escribindo o nome do mesmo na cor correspondente. Deste xeito cada día podía comprobarse que plan de traballo tiñan e anticipar o traballo para o día seguinte.

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Actividade 4:  Grabamos a nosa película




## transposición didáctica

| Actividade 4 | | Exercicio 4.1 | Exercicio 4.2 | Exercicio 4.3 | Exercicio 4.4 | Exercicio 4.5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición:** | | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** |
| **Cámara e acción!!  grabamos a nosa película.** | | *Asignación de papeis e localización do nome propio no texto do guión (uso convencional dos diálogos nos textos)* | *Preparar os decorados e localizar os espacios que imos empregar na grabación. Valorar os pros e contras de forma dialogada de cada elección. dialogada de cada elección.* | *Debuxar o story-board do noso guión por equipos.* | *Grabar as diferentes secuencias da curtametraxe* | *Acordar a orde en que deben "ordearse" as distintas escenas grabadas por separado.* |
| **Criterios de avaliación:** | | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** | |
| *CSMAP.9 / LCR 4 / LCR.5 / LCR.8 / LRC.10 / CC.5*<br>**Indicadores de logro:**<br>5º CSMAP.9.2 / 6º LCR 5.1 / 5º LCR 8.9 / LCR.10.1 / CC.5.2 | | *CSMAP-B.3.7*<br>*CSMAP-B.3.6* | *LCR.B.2.4*<br>*CCB.1.14* | *LCR.B.1.11*<br>*LCR B.1.10*<br>*LCR.B.2.4* | *LRC.B.3.2* | *LRC.B.3.2* |

| Modelos de pensamento | Modelos de ensinanza | Recursos didácticos | Agrupamentos | Espazos |
|---|---|---|---|---|
| *Pensamento reflexivo, analítico, crítico, deliberativo, lóxico.* | *Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.*<br>*Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.*<br>*Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados.* | *MATERIAIS: fotocopias, fotografías, libros, papel, cartulinas, material funxible.*<br>*PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio, monitores parque arqueolóxico.*<br>*DIXITAIS: Cámara de fotos, cámara de video, ordenador, impresora.* | *Parellas*<br>*Equipos cooperativos establecidos en cada aula.*<br>*Gran grupo- unha sóa aula, e as dúas aulas infantil.* | *Aula de infantil, biblioteca ou outros espacios do centro*<br>*Sala de usos múltiples*<br>*Todo o centro* |

# Escribindo o guión da película






O equipo de guionistas elaborou o guión da película, que logo puxeron en común co resto do alumnado para incluír as súas aportacións.

# Creando o story-board





A partir do guión o equipo de debuxantes creou o story-board distribuindo a historia en diferentes escenas, que enumeraron, para empregalo logo como referencia durante a rodaxe.

# Buscando localizacións





O equipo de fotografía foi o encargado de buscar as diferentes localizacións, tomando fotografías dos lugares que podían empregarse en cada escena do story-board. Imprimímolas e pegámolas xunto ó guión escribindo o nome de cada lugar.

# Música, vestiario e atrezzo





Os equipos de son-música e vestiario-atrezzo elabour listaxes do diferente material, vestidos e músicas que se poderían empregar nas escenas da película.

# Directora, cámara e iluminación



A directora foi a encargada de escribir o número das diferentes escenas a rodar na claqueta e, xunto co cámara, dirixiron a rodaxe de tódalas escenas.

# Perruquería e maquillaxe





No noso set de rodaxe contabamos tamén cun equipo de perruquería e maquillaxe, quen ademáis axudaba a vestir ós actores en cada unha das escenas.

# Os actores






Repartíronse os papeis entre os actores principais, incluíndo ó resto dos compañeiros e compañeiras como actores secundarios ou extras.

# Rodando en croma





Segundo o plan de rodaxe, comezamos rodando as escenas que terían lugar nun croma, en diferente orde do establecido no guión da película

# Rodando en exteriores





Segundo o permitían as condicións meteorolóxicas, rodamos as escenas que tiñan lugar en exteriores, nas localizacións elexidas polo equipo de fotografía.

# Rodando en interiores





Rodamos en interiores as escenas que tiñan lugar dentro "da casa de Chaplin", segundo o indicado no guión.

# Efectos especiais





O equipo de efectos especiais, encargouse de convertir a película a branco e negro e de engadir dos diferentes fondos no croma, empregando un programa informático.

# Montaxe da película





O equipo de montaxe, pola súa banda, encargouse de "ordear" as escenas da película na orde que establecía o guión e story-board, xa que foran rodadas nunha orde distinta.

# Música e son





O equipo de son e música selecciona e "sitúa" en cada escena o audio que se corresponde mellor con cada unha, xa que se trata dunha película muda.

# Títulos e créditos





En gran grupo escribimos os diferentes textos, títulos e créditos da película. Ademáis os equipos de efectos especiais e montaxe comentaron como foi o proceso de elaboración partindo das escenas rodadas en diferentes ordes.

# Actividade 5: Un cine para proxectar a película

**ACTIVIDADE 5:** Un cine para a proxección da nosa curtametraxe

**EXERCICIO 1:**
Deseñar, crear e colocar carteis, e entradas para a presentación da nosa curtametraxe o día da paz.

**EXERCICIO 2:**
Decorar a sala de usos múltiples como un cine, creando unha taquilla e tenda de flopos de millo

**EXERCICIO 3:**
Organizar a sesión de cine: cobrar as entradas con cartos simbólicos, repartir flopos de millo.

**EXERCICIO 4:**
Presentar a curtametraxe e asistir á proxeccion.

## transposición didáctica

| Actividade 5 | Exercicio 5.1 | Exercicio 5.2 | Exercicio 5.3 | Exercicio 5.4 |
|---|---|---|---|---|
| **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** |
| **Creando un cine para a proxección da nosa curtametraxe** | Deseñar, crear e colocar carteis, e entradas para a presentación da nosa curtametraxe o día da paz. | Decorar a sala de usos múltiples como un cine, creando unha taquilla e tenda de flopos de millo | *Organizar a sesión de cine: cobrar as entradas con cartos simbólicos, repartir flopos de millo.* | Presentar a curtametraxe e asistir á proxeccion. |
| **Criterios de avaliación:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** |
| *CSMAP.8 / LCR 1 / LCR.5 / LCR 9 / CC.9 / CC.10* | *CSMAP B.2.5*<br>*LCR B.1.8* | *LCR B.2.6* | *CC B.3.1* | *LCR B.1.1*<br>*LCR B.1.4*<br>*CC.B.4.3* |
| **Indicadores de logro:** | | | | |
| CSMAP 8.6 / 5º LCR 1.1 / LCR 1.5 / *LCR 5.2 / LCR 5.3 / LCR 9.9 / 5º CC.9.4 / CC.10.2* | | | | |

| Modelos de pensamento | Modelos de ensinanza | Recursos didácticos | Agrupamentos | Espazos |
|---|---|---|---|---|
| *Pensamento reflexivo, analítico, crítico, deliberativo, lóxico.* | Metodoloxía activa , cognitivo-constructivista, cooperativa e social.<br>Proxectos de traballo e agrupamentos hetereoxéneos.<br>*Globalización e flexibilidade así como aprendizaxes significativos e contextualizados.* | MATERIAIS: fotocopias, fotografías, libros, papel, cartulinas, material funxible.<br>PERSOAIS: ( INTERNOS /EXTERNOS): Titores de infantil, especialistas de apoio, monitores parque arqueolóxico., familias<br>*DIXITAIS: Cámara de fotos, cámara de video, ordenador, impresora.* | *Parellas*<br>*Equipos cooperativos establecidos en cada aula.*<br>*Gran grupo- unha sóa aula, e as dúas aulas infantil.* | *Aula de infantil, biblioteca ou outros espacios do centro* |

# Presentando a película

- Queda pendente por facer a última actividade:
    - Crear un cine para presentar a película
    - Facer una proxección para os compañeiros do centro
    - Facer unha proxección para as familias
    - Publicar a película na web do centro
    - Presentar a película a algún concurso de curtamentraxes



# Algunhas escenas da película







ver trailer

# Avaliando a tarefa e a UDI



**3.- AVALIACION:**

Non tódolos elementos indicados na concreción curricular anterior serán avaliados nesta UDI, porque se serán avaliados noutros momentos do curso, de seguido explicitamos aqueles se avalían e as ferramentas para dita avaliación.

| Criterio de avaliación | In... | Aspectos a observar para a avaliación | Competencias Clave | Instrumento de avaliación |
|---|---|---|---|---|
| CSMAP 9 | | | | |
| CC9 | | | | |
| LCR 9 | | | | |
| CSMAP 9 | | | | |

**3.1- RÚBRICA:**

Os seguintes aspectos serán avaliados mediante unha rúbrica

| Criterio de avaliación | Indicadores | A | B | C mínimo agardable | D | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Transmite de forma oral cun | Ten unha linguaxe oral e vocabulario moi superior | Ten unha linguaxe oral fluída e cun vocubalario | Emprega unha linguaxe oral adecuada ó agardado para a | Ten unha linguxe non desenvolvida ou inmadura. | CCL CSIEE |

**3.2- AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE:**

Os seguintes aspectos teranse en conta para a avaliación da práctica docente

| Indicadores e aspectos a avaliar | Reflexións tra-la posta en práctica | Proposta de mellora |
|---|---|---|
| Grado de consecución dos obxectivos | | |
| As tarefas e propostas planificadas foron as axeitadas. | | |
| Aproveitamento dos recursos naturais e do contorno | | |
| Relación e coordinación coas familias. | | |
| Planificación e organización dos tempos | | |

**4.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR:**

| Participación das familias | Divulgación social da tarefa | Colaboración de recursos externos e comunidade escolar |
|---|---|---|
| - -Divulgación: a través de notas informativas do centro ou elaboradas polos nenos/as pedindo colaboración.<br>- Instrumentos para facilitar a colaboración: páxina web do centro e blogues de infantil/ titorías.<br>- As familias asistirán á presentación da película.<br>- -Información do proceso da UDI/ explicitación da súa colaboración: notas a casa, blogue de infantil, titorías, reunión coas familias (a principio de curso)<br>- Colaborando cos seus fillos na busca de información para o proxecto de investigación. | -Notas informativas a casa, a través dos alumnos.<br>-Páxina web do centro e blogues de infantil.<br>-Exposición oral feita polos nenos a través de distintos agrupamentos.<br>-Exposición gráfica, con fotografías, imaxes, iconos, debuxos, do traballo feito.<br>-Invitación ás familias para darlle relevancia social ao noso proxecto de investigación e para a participación en talleres relacionados co proxecto, entre eles o pintado do muro. | -Colaboración do centro para a rodaxe e presentación da película.<br>-Colaboración de entidades para aportar información sobre Chaplin.<br>- Colaboración de entidades externas para a posible presentación da película a un corcurso de curtametraxes escolares. |

Podes descargar a UDI aquí

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil




# Explicación ampliada desta tarefa na web

http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino







# “Ciencia ou ficción?”

## Experiencias científicas dentro dunha tarefa

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Planificando a tarefa…

- A idea xorde de forma coordinada entre os dous titores de infantil durante o verán.
- Elaborar un libro como contribución de infantil para o traballo de centro do Salón do Libro: "Da ciencia á ficción"
- Tratábase de introducir "as experiencias coa ciencia" como un elemento máis dentro dunha tarefa globalizada, onde estarían presentes outros moitos elementos.
- Levar a cabo experimentos científicos e a partir dos mesmos crear historias de ficción.
- Formular hipóteses a través do dialogo e debate e contrastándoas coa realidade
- Elaborar un caderno de campo dos diferentes experimentos
- Experimentar con diferentes fenómenos físicos e químicos a través dos diferentes experimentos.
- Ideamos unha serie de exercicios e actividades para a tarefa, que terían como colofón a participación nas actividades do Salón do Libro.




# Deseñamos a U.D.I.

a partir da nosa concrección curricular

Podes descargar a UDI

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Os experimentos:

## unha actividade dentro da tarefa integrada

| Actividade 2 | Exercicio 2.1 | Exercicio 2.2 | Exercicio 2.3 | Exercicio 2.4 | Exercicio 1.5 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** | **Descrición:** |
| Experimentamos: Ciencia ou ficción? | Levar a cabo diferentes experimentos científicos na aula | Diálogos para formular hipóteses sobre o sucedido en cada experimento | Elaborar o caderno de campo individual onde se recopilen os experimentos | Inventar unha historia de ficción con cada experimento para o libro do salón. | Escritura e elaboración da historia, por equipos, para crear o libro de aula de infantil |
| **Criterios de avaliación:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** | **Contidos:** |
| *CSMP.9, LCR.1, LCR.5, CC.7, CC.2* | *CSMAP-B.3.6* | *LCR.-B1.1, CC-B2.8* | *LCR-B.1.8, CC-B1.5* | *LCR-B1.10,* | *CSMAP-B.3.6, CSMAP-B.2.5* |
| **Indicadores de logro:** | | | | | |
| *4º-CSMAP.9.11, 5º-CSMAP.9.11, 6º-CSMAP.9.11, 5º-CSMAP.9.10, 5º-LCR5., 6º-LCR.5.3, 5º-CC7.3, 6º-CC.7.7* | | | | | |

| Modelos de pensamento | Modelos de ensinanza | Recursos didácticos | Agrupamentos | Escenarios |
|---|---|---|---|---|
| *Reflexivo, práctico, creativo* | *Congnitivo-constructivo, dialóCico, persoal-individual* | *Diferentes soportes e materiais para elaboración do caderno de campo.* | *Gran grupo, equipos cooperativos, individual* | *Reflexivo, práctico, deliberativo* |

Cada unha das aulas leva a cabo os mesmos experimentos, pero en orde inverso xa que só 8 deles formarán parte do libro

# Formulando hipóteses

- Antes de levar a cabo o experimento exploramos libremente o material
- A través do diálogo formulamos hipóteses sobre o que sucederá en cada un dos expermientos, que se pode facer co material, como se chama, para que serve...
- Anoto as hipóteses para contrastalas con eles unha vez rematado o experimento



# O reloxo pataca







# Electricidade estática







Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# O vaso pegañento







Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Ovo saltarín








# Ovo saltarín







Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Explosión de coca-cola







Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# O caderno de campo



- Elabórase individualmente pero dentro dos equipos para poder axudarse uns ós outros.
- Reflexamos os materiais, proceso e representación gráfica do experimento
- Segundo a idade do alumnado elaboran o caderno de campo dun ou doutro xeito, pero en todo caso o modelo é o mesmo con distinto nivel de esixencia.

**Podes descargar un exemplo de dossier**

# O panel dos experimentos

- Imos anotando os experimentos a medida que os realizamos
- Uso funcional da lecto-escritura e da serie numérica (ó igual que en tódolas actividades plantexadas)



# Autoavaliación figuroanalóxica

- Realízaa de forma dialogada cada equipo cooperativo
- A través do diálogo valoran o funcionamento do equipo e dos "encargados" dentro do mesmo.



# O resto da tarefa







**Deseñamos a máquina do tempo**
**Inventamos as historias de ficción**
**Creamos o noso libro "ciencia ou ficción"**

# A máquina do tempo

- Elaborada entre tódolos cursos particpantes a partir dos deseños realizados polos alumnos e alumnas.
- Incluímos nela o noso libro "Ciencia ou ficción?", xunto ós dos outros cursos participantes
- Pode verse no Pazo da cultura de Pontevedra, ou online na ligazón inferior





Podes ver o libro "ciencia ou ficción?"

# Científicos tolos



**Elaboramos disfraces de científicos**
**Cada carpeta incluía unha fórmula**
**ou teorema físico - químico**





Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Facendo un mapa

- En google maps trazamos a ruta.
- Localizamos en street view os lugares máis significativos polos que iamos pasar.
- Elaboramos un mapa coas imaxes dos lugares significativos. Lectura funcional.
- Empregamos o mapa na viaxe para participar no salón do libro





**Accede á ruta en google maps**

# Visita ó Salón do libro

Usando o mapa na viaxe



A máquina do tempo e o noso libro





O lobo ORBIL



Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil







# Así usamos as TICS

## nas nosas aulas

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# As TIC nas nosas aulas

- Usámolas con finalidade funcional.
- Non son só xogos senón que empregamos aplicacións online que teñen unha finalidade real. www.recursoseducativos.net
- A web do centro, e o recanto de infantil, é o punto de referencia para que o alumnado acceda a tódalas aplicacións que empregamos.
- O alumnado emprega as TIC de forma autónoma na aula



# O recanto de infantil




O alumnado coñece e emprega habitualmente o recanto de infantil na web do centro para o uso de aplicacións na vida da aula. As familias reciben información do que se está a facer nas aulas cos seus fillos a través das habituais entradas que publicacamos no blog.

# Buscamos información





Empregamos as TIC para a busca de resposta ás diferentes preguntas plantexadas nos proxectos de traballo, especialmente empregando vídeos e imaxes, seleccionando a información relevante en cada caso.

Traballando con tarefas e UDIS nas aulas de infantil

# Respostando e-mails





Tanto para os proxectos de traballo, como noutras tarefas e outras situacións, recibimos, lemos e respostamos os correos electrónicos na nosa conta de e-mail: infantilcampolameiro@gmail.com

# O calendario online







Empregamos un calendario online onde o encargado de cada día anota os compañeiros e compañeiras que faltan, así como os feitos relevantes no mes, indicados con diferentes iconas. Este calendario é complementario ó de papel da aula.

# Préstamo de libros para casa








Cada venres para facer o préstamo de libros para casa empregamos unha aplicación online na cal, introducindo o número do libro, imprimen a portada que logo empregan no caderno persoal de rexistro.

# O diccionario online






Empregamos o diccionario online para imprimir as palabras do noso muro das palabras para facer o diccionario.

# Beebot e probot





Nas nosas aulas empregamos os robots educativos beebot e probot, para o desenvolvemento de habilidades de orientación espacial  e programación lóxica.

# E ademais nas nosas aulas...

Dramatizamos



Robots educativos








Creamos videocontos



cociñamos

# E ademais nas nosas aulas…

Saídas ó contorno



Equipos cooperativos



Uso funcional das T.I.C.





coordinando movementos



traballando cos compañeiros maiores




# Explicación ampliada destas tarefas na web

http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino

CC-BY-NC-SA

CC: Creative Commons
BY: recoñecemento do autor
NC: non comercial
SA: compartir igual